

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E "DILEMMA SOLUTIONS, S.L." PARA A REALIZACIÓN DUN "PROGRAMA PILOTO DE PERFECCIONAMENTO, MELLORA E VALIDACIÓN DUN SISTEMA DE APOIO Á DECISIÓN CLÍNICA EN CANCRO DE MAMA" E A SÚA VALORACIÓN PARA UNHA EVENTUAL IMPLANTACIÓN NO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e "Dilemma Solutions, S.L." formalizaron o 14/06/23 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos durante un período de cinco anos desde a data da súa sinatura, con posibilidade de prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular as relacións entre as partes para a realización, no Servizo de Oncoloxía da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, dun "Programa Piloto de perfeccionamento, mellora e validación dun sistema de apoio á decisión clínica en cancro de mama" de cara á súa valoración para unha eventual implantación no Sistema Público de Saúde de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Tal como se reflicte na "Estratexia de xestión do cancro en Galicia 2022-2028", a nivel mundial, o cancro segue constituíndo unha das principais causas de mortalidade con aproximadamente 9,9 millóns de mortes relacionadas no ano 2020, de acordo cos datos proporcionados pola International Agency for Research on Cancer (IARC). Nos países de economías avanzadas, as mortes por cancro superaron ás enfermidades cardiovasculares e xa son a primeira causa de morte.

En España, malia a pandemia da COVID-19, en 2020 os tumores foron a primeira causa de mortalidade en varóns con 67.247 defuncións, o que supuxo un 26,9% das mortes.

No caso do cancro de mama, este constitúe o diagnóstico no 29% dos novos casos en mulleres, cunha taxa de mortalidade dun 14%.

Segundo a "Estratexia de xestión do cancro en Galicia 2022-2028", prevese que en cinco anos poderá coñecerse anticipadamente cal será a rota asistencial do paciente, deseñada por un equipo asistencial multidisciplinar que coñeza e teña acceso á innovación dispoñible en cancro, así como o estándar de calidade esperado no proceso.

Igualmente, en dito horizonte temporal todas as áreas sanitarias contarán con "plans locais de mellora en cancro" construídos por profesionais para incorporar innovación local e mellora de calidade, reducir a fenda local entre as novas vías e traxectorias asistenciais en cancro que se definan e a realidade en cada entorno galego.

Asi mesmo, o Sistema Público de Saúde de Galicia disporá de ferramentas de estratificación e segmentación de pacientes con cancro, que permitan identificar mellor e máis proactivamente subtipos de pacientes con cancro, e incorporará novas tecnoloxías de diagnóstico e novos tratamentos para enfrontar o cancro de maneira personalizada e con alta precisión.

A todo isto contribuirán iniciativas como o Programa Piloto a que se refire o convenio, e que se prevé inicialmente para o cancro de mama, en tanto que prevalente na poboación feminina, se ben non se desbota a súa extensión a outro tipo de cancros ou patoloxías con incidencia poboacional preeminente.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A xerente do Servizo Galego de Saúde

Maria Estrella Lopez-Pardo Pardo.

